

LA COMUNIDAD (25 ANIVERSARIO)

Álex de la Iglesia, 2000

1578

ESTREA EN NUMAX: 21.08.2025 | V.O. | +13 | 107 min

Julia (Carmen Maura), unha muller madura que traballa nunha axencia inmobiliara, encontra 300 millóns agochados nun piso. De seguido trasládase ao apartamento de arriba e esconde o diñeiro, pero ten que enfrontarse á arroutada comunidade de veciños, encabezada por un administrador sen escrúpulos (Emilio Gutiérrez Caba) que fará todo o posible para retela e quedar coa fortuna.

«Sobresaliente e delirante
conglomerado de horror, humor,
suspense e acción»

Fernando Morales, EL PAÍS



A comedia negra que confirmou a un dos grandes do cinema español

Por Mikel Zorrilla

A premisa de *La comunidad* é ben sinxela: a traballadora dunha inmobiliaria atopa 300 millóns de pesetas nun piso e decide quedar con eles, pero o resto de veciños leva anos facendo plans contando con ese diñeiro e non van permitir que ela o leve. Un succulento punto de partida moi ben desenvolvido polo guión de Jorge Guerricaechevarría e Álex de la Iglesia.

É ademais unha película que tamén brilla desde a posta en escena, con De la Iglesia bordando o retrato da historia dunha perdedora que recibe un golpe de sorte e parece telo todo ben atado para saírse coa súa. Con todo, hai un momento determinante no que *La comunidad* mesmo resulta arrepiante co resto de veciños axexando no entrechán esperando a que a protagonista abra a porta.

Xa antes o impecable elenco soubera ir transmitindo que algo raro, ata grotesco, sucedía nese edificio, pero facíase desde unha contención non demasiado habitual no cinema do seu director. Daquela as cousas vanse aclarando e a película desmelénase sen perder nunca a consistencia. É certo que quizá non sexa sorprendente, pero si ten unha gran vitalidade que lle permite ir saltando do cómico ao suspense, cunha clara influencia do estilo de Alfred Hitchcock, cunha soltura envexable.

La comunidad tampouco ten medo de ser perversa, lixeira, emocionante ou esmendrellante. Todo ten cabida nun cóctel que podería saír moi mal pero que á hora da verdade segue funcionando de marabilla anos despois da súa estrea. É certo que unha sensacional Carmen Maura brilla con luz propia, pero é que o resto dos actores tamén bordan os seus personaxes para que un realmente coñeza unha comunidade que á súa maneira representa á propia sociedade española.

A película foi moi ben recibida tanto pola crítica -aínda que ese ano o Goya foi a mans de *El bola* (Acheró Mañas, 2000)- como polo público, arrasando ao seu paso polos cinemas españois e recadando o equivalente a uns 6,7 millóns de euros actuais, converténdose así na obra máis taquillera do seu director ata a data.

Publicado en espinof.com